

Curso “Tratamento do TDAH no Ámbito Educativo”
2024-2025

Módulo II

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



**Fundación
María José Jove**

Consideracións a ter en conta para o manexo do TDAH

- O TDAH é un dos trastornos que mellor resposta ten ao tratamento e pode ser manexado con éxito para acadar uns resultados e curso de vida mellorado.
- Os nenos e as nenas e adolescentes con TDAH, cando reciben a atención axeitada, poden mellorar o seu funcionamento, escolar, familiar e social.
- Esas melloras, seguramente serán máis amplas e frecuentes do que ocorre con outros trastornos e necesidades, nos que lixeiras melloras son froito de intervencións longas e custosas.
- Esta evidencia non debe levarnos a ideas como que:
 - O TDAH é un trastorno 'benigno'
 - Podemos agardar a ver se vai mellorando por si so
- O TDAH é un trastorno é un trastorno **heteroxéneo**:
 - Implicación de múltiples xenes.
 - Múltiples localizacións de disfunción neural.
 - Amplo rango de déficits cognitivos.
 - Amplas diferenzas na expresión condutual do trastorno.
 - Variabilidade na resposta aos tratamentos farmacolóxicos.
- As estratexias necesarias e útiles nun caso poden non selo noutro.
- A estratexia na intervención co alumnado con TDAH consiste en **probar e revisar**.

Consideracións a ter en conta para o manexo do TDAH

O TDAH é un trastorno de:

- A actuación, non a habilidade
- Facer o que sabes, non de saber o que facer
- Usar a experiencia no “punto da actuación”

O TDAH é un trastorno da auto-regulación e como tal comporta dificultades na **posta en práctica** de habilidades, máis que na aprendizaxe delas.

A finalidade das intervencións é conseguir que desempeñen aquilo que, de feito, son quen de facer pero que non fan

As intervencións deben ter lugar onde debe producirse o obxectivo da mesma. É dicir no contexto no que se vai poñer na práctica. Os adestramentos fóra do contexto de actuación soen ser pouco eficaces



Russell Barkley

Consideracións a ter en conta para o manexo do TDAH

- Un aspecto que resulta chamativo na interacción co alumnado con TDAH é certa aparencia de inmadurez. O profesorado ten a sensación de estar tratando cun alumno ou unha alumna de cursos inferiores.
- A inmadurez non é xeneralizada: Afecta a aspectos como as habilidades de organización, a duración dos períodos nos que pode manterse traballando de maneira autónoma...
- De igual modo, as familias soen informar de que na casa teñen esa mesma sensación, que ás veces verbalizan con expresións como “é o irmán maior pero é máis inmaduro que o pequeno”.

Consideracións a ter en conta para o manexo do TDAH


Shaw et al. (2007). Attention-deficit/hyperactivity disorder is characterized by a delay in cortical maturation.



Philip Shaw

Tal como se comentou na sesión do Módulo 1, unha das características do desenvolvemento cerebral do alumnado con TDAH é:

- Que a corteza cerebral dos nenos e nenas con TDAH ten un proceso de maduración seguindo un patrón normal máis cun atraso na maduración de arredor de tres anos en promedio.
- Este atraso non afecta a todas as áreas por igual. É máis acusado nas áreas implicadas en aspectos como a capacidade de inhibir accións inapropiadas, de manter a atención focalizada, de lembrar cousas mentres desenvolven unha tarefa, de establecer metas lonxanas, e organizarse de cara a acadalas.
- En definitiva, estes resultados explican a orixe desa aparencia de inmadurez.



Consideracións a ter en conta para o manexo do TDAH

A regra do 30%

Russell Barkley refírese a esta inmadurez para ilustrala de maneira práctica coa expresión “a regra do 30%”.

	Idade real	Idade menos 30%
3º Primaria	8	5a 7m
5º Primaria	10	7a 0m
1º de ESO	12	8a 5m
4º de ESO	15	10a 6m



Russell Barkley

Adaptar a nosa actuación a esa inmadurez é un aspecto clave para abordar o traballo educativo co alumnado con TDAH. Ter en consideración a súa existencia, así como a natureza da súa orixe, daranos unha perspectiva máis axeitada.

A stylized, light blue figure with a large, rounded body and three limbs extending outwards. The figure is positioned in the background, with its head-like area at the top right and its limbs extending towards the bottom left and bottom right. The central text is overlaid on the figure's body.

Medidas de atención á
diversidade para o alumnado
con TDAH

Medidas de Atención á Diversidade

Protocolo TDAH

Avaliación
inicial

PXAD


Equipo
Docente

planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.

Avaliación
psicopedagóxica

Medidas Ordinarias

Medidas extraordinarias



- ▶ Non son as máis habituais para o alumnado con TDAH
- ▶ Habitualmente a súa adopción está relacionada con:
 - ▶ Condicións comórbidas (p. ex. Tr. Específico da Aprendizaxe,...)
 - ▶ Importante repercusión no rendemento escolar (atraso curricular significativo)
- ▶ O seu proceso de implementación é semellante ao do resto do alumnado con NEAE sen TDAH

- ▶ Adaptacións curriculares
- ▶ Agrupamentos flexibles
- ▶ Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe
- ▶ Flexibilización da duración do período de escolarización
- ▶ Programas de diversificación curricular

Adaptacións Curriculares

Modificación, a ampliación, a redución ou a supresión de parte ou todos os elementos prescritivos do currículo

Axústanse ao nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, ao seu desenvolvemento e ao seu potencial de aprendizaxe, así como ás súas características persoais e sociais.

Van dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais e, excepcionalmente, ao restante alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

- Alumnado con TDAH e outras dificultades (p. ex. de aprendizaxe, de condicións e historia escolar,..)
- Destinatario de outras medidas previas de atención á diversidade
- Necesidade de axuste de elementos do currículo (obxectivos, contidos,...)

A severidade da repercusión do TDAH incrementase se existe un fracaso nas tarefas escolares



Adaptacións Curriculares

- Alumno ao que se lle elabora unha AC en 4º de EP
- Ten recoñecida discapacidade (35%) Dx. TDAH + “Trastorno do Desenvolvemento”
- Presenta signos de Trastorno da Aprendizaxe (Afectación na Lectura e no cálculo).
- Aptitudes cognitivas dentro do rango da súa idade (CI: 89; ICX: 97), boa capacidade de razoamento e habilidades comunicativas
- TDAH de presentación combinada. Importante impulsividade que interferiría severamente o funcionamento escolar
- Tratamento farmacolóxico desde os 6 anos (inicialmente con metilfenidato, na actualidade con guanfacina + risperidona + melatonina)
- Importantes dificultades familiares (pais separados, ambos con antecedentes de neae, intervención de servizos sociais municipais,...)

Mateo



Adaptacións Curriculares

- Recibe medidas de atención á diversidade desde E. Infantil
- Repetiu 1º de EP.
- Apoio do profesorado especialista en PT
- No paso a 3º o seu atraso curricular incrementouse
- Empeora o funcionamento na aula
- Maior dependencia do profesorado de apoio
- En 4º de EP elabórase AC nas áreas de Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas
- Aa AC posibilita que leve a cabo tarefas axeitadas ao seu nivel de competencia
- Mellora o seu funcionamento na aula (incluído comportamento, motivación, estado de ánimo,...)

Mateo



Adaptacións Curriculares

- Na actualidade en 3º de ESO
- Segunda de tres irmáns dunha familia monoparental
- A súa nai ten antecedentes e características actuais compatibles con TDAH
- Presenta dificultades relacionadas con comportamento perturbador desde E. Infantil
- Presenta signos de Trastorno da Aprendizaxe (afectación na lectura e, especialmente, acusada discalculia).
- Aptitudes cognitivas dentro no rango medio-baixo (CI: 86)
- TDAH de presentación combinada. Importante impulsividade que interfería severamente o funcionamento escolar
- Presenza de síntomas de TND
- Foi valorada e recibiu diagnóstico, mais nunca recibiu tratamento por decisión familiar

Helena



Adaptacións Curriculares

- Repetiu 3º de EP.
- Apoio do profesorado especialista en PT
- O seu atraso curricular vaise incrementando curso a curso
- Maior dependencia do profesorado de apoio
- Decídese adoptar AC para 5º de EP
- AC nas áreas principais do currículo
- Mellora moderada do seu funcionamento na aula (incluído comportamento, estado de ánimo,...)
- Prosegue progresiva falta de interese
- Co paso ao Instituto empeora o funcionamento xeral
- Incremento dos comportamentos disruptivos e condutas contrarias ás normas de convivencia
- Desempeño insatisfactorio na AC

Helena



Agrupamentos flexibles

- Dirixido a alumnado con dificultades de aprendizaxe
- Nos dous derradeiros cursos da educación primaria e na educación secundaria obrigatoria.
- Prioritariamente, nas áreas ou nas materias de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, e Matemáticas
- Organízase co profesorado con dispoñibilidade
- Número máximo de alumnado de cada agrupamento flexible será de oito en educación primaria e de dez en educación secundaria obrigatoria.
- A avaliación e a cualificación do alumnado dun agrupamento flexible corresponderalle ao profesorado que imparta a área ou a materia no agrupamento

Agrupamentos flexibles

- Atención máis individualizada
- Programación centrada nos contido básicos da área
- Adaptacións metodolóxicas activas
- A inclusión do alumnado con TDAH relaciónase co seu nivel de atraso curricular e coas necesidades de adaptación que o agrupamento ofrece.



Agrupamentos flexibles

- É a menor de tres irmás, as súas irmás maiores seguen escolaridade en bacharelato e na universidade respectivamente, sen dificultades e con bo desempeño académico.
- Comezou a súa escolaridade no 2º ciclo de E. Infantil nun colexio concertado, trasladándose ao inicio da E. Primaria a un CEIP
- Repetiu 2º de EP e veu recibindo Apoio Específico (PT).
- A partires de 5º de Primaria o seu rendemento escolar presenta importantes dificultades, polo que obtivo avaliación insuficiente na maioría das áreas.
- En 6º cambia de centro debido a un cambio de domicilio e mala aceptación social polos seus compañeiros e compañeiras.
- TDAH de presentación con predominio da inatención
- Nivel cognitivo de tipo medio (CI: 94).



Sonia

Agrupamentos flexibles

- Atraso curricular global
- Tímida, dificultades relacionadas coa autoestima
- Diagnóstico recente.
- Segue tratamento farmacolóxico, con mellora no desempeño
- Persistencia do atraso en L. Galega, L. Castelá e Matemáticas
- Atraso curricular global
- Tímida, dificultades relacionadas coa autoestima

A inclusión en agrupamento flexible na área de Matemáticas en 6º de EP permitiu corrixir parcialmente o atraso curricular da alumna nesa área, acadando os mínimos.

Tamén tivo influencia positiva sobre a súa inserción social

Sonia



Programas de diversificación curricular

- Modificación e adaptación do currículo desde 3º de ESO
- Destinado a:
 - Alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe
 - Que teña recibido medidas de atención á diversidade nos dous primeiros cursos da etapa
- Considérase que é a medida máis axeitada para a obtención do título.
- Emprégase unha metodoloxía específica a través dunha organización en ámbitos de coñecemento, actividades prácticas e materias, diferente á establecida con carácter xeral.
- Cada ámbito de coñecemento será impartido por unha única profesora ou un único profesor

Programas de diversificación curricular

- Filla única.
- TDAH de presentación con predominio da inatención
- Síntomas de Tempo Cognitivo Lento (SDC):
 - Nas nubes
 - Traballo moi lento
- Inatención e lentitude desde E. Infantil (inicialmente relacionado con inmadurez: data de nacemento a finais do ano)
- Nivel cognitivo de tipo medio (CI: 94).
- Dificultades académicas desde 2º de EP. En 3º comeza a recibir apoio (PT).
- Repite 4º de EP.
- Comeza tratamento con metilfenidato e atención psicopedagóxica externa
- Promociona a ESO con áreas con cualificación insuficiente
- Repite 2º de ESO
- Incorpórase a PDC e acada titulación



Programas de diversificación curricular

- Fillo único, adopción internacional
- Ten moita inquietude desde E. Infantil
- Repetiu 3º de EP.
- Apoio do profesorado especialista en PT
- A familia rexeita a valoración e tratamento para TDAH porque atribúen as súas dificultades ás condicións perinatais (orfanato)
- Recibe moito apoio familiar e externo
- Repite 1º de ESO
- Incorpórase a PDC
- Indicios de que comezou tratamento farmacolóxico
- Acada titulación e comeza ciclo de Guía no medio natural e de tempo libre

David



Flexibilización da duración do período de escolarización

- A redución ou a ampliación da permanencia nunha determinada etapa
 - **alumnado con altas capacidades intelectuais**
 - alumnado con necesidades educativas especiais

Ao igual que no resto da poboación é esperable que un 2% do alumnado con TDAH teña altas capacidades

Débese acreditar á necesidade desta medida

Hai que considerar, a habitual inmadurez do alumnado con TDAH en aspectos de tipo organizativo, así como social e emocional

Flexibilización da duración do período de escolarización

- A redución ou a ampliación da permanencia nunha determinada etapa
 - alumnado con altas capacidades intelectuais
 - **alumnado con necesidades educativas especiais**

Coa normativa actual o alumnado con TDAH só cumpriría esta condición

- Se ten recoñecido un grao de discapacidade
- Se ten un diagnóstico comórbido de trastorno grave de conduta

Flexibilización da duración do período de escolarización

- A redución ou a ampliación da permanencia nunha determinada etapa
 - alumnado con altas capacidades intelectuais
 - **alumnado con necesidades educativas especiais**

Coa normativa actual o alumnado con TDAH só cumpriría esta condición

- Se ten recoñecido un grao de discapacidade
- Se ten un diagnóstico comórbido de trastorno grave de conduta

Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe

- A intervención do profesorado especialista PT / AL como un recurso dirixido *“especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo”*.

Na práctica a intervención do profesorado de apoio soe organizarse de acordo con criterios respecto da severidade da repercusión e das dificultades de aprendizaxe

Intervención sobre as
dificultades de
aprendizaxe

Intervención sobre o
desempeño escolar

Intervención para a
mellora condutual

A intervención do profesorado de apoio é un *recurso auxiliar* para a intervención fundamental que ten lugar no entorno da aula ordinaria co profesorado do equipo docente

Medidas de Atención á Diversidade

Medidas Ordinarias

- ▶ Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado
- ▶ Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno
- ▶ Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión
- ▶ Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación
- ▶ Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria
- ▶ Aulas de atención educativa e convivencia
- ▶ Programas de habilidades e competencias sociais
- ▶ Programas de enriquecemento curricular
- ▶ Plan específico de reforzo para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso
- ▶ Plan de reforzo para o alumnado que pase de curso con materias sen superar

Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula

Establecer criterios para:

- A elaboración dos horarios do alumnado.
- A asignación de titorías.
- O agrupamento do alumnado.
- A distribución das aulas, das unidades e/ou dos espazos.



Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula

A organización e na xestión das aulas

As adecuacións organizativas da aula para o alumnado con TDAH non son esencialmente diferentes dos criterios xerais que benefician ao conxunto do alumnado:

- Estruturada e comfortable, na que sexa doado atopar calquera cousa porque todo ten o seu sitio e está nel.
- Visualmente informativa, con paneis, iconas ou outros elementos gráficos que sirvan de guía.
- Non obstante, debido á inmadurez organizativa que xa sabemos que caracteriza ao alumnado con TDAH, debemos pensar sempre como se estivésemos organizando para alumnado máis novo (a regra do 30%).
- É bo para todo o alumnado, e tamén para o que teña TDAH, que as normas se expliquen, se debatan e se chegue á conclusión da súa necesidade para o bo funcionamento.



Algúns estudos teñen atopado evidencia de que as aulas visualmente recargadas (cheas de mensaxes, traballos e outras decoracións) provocan maior distractibilidade do alumnado (en xeral, non só no alumnado con TDAH).

É importante manter os elementos informativos que sexan relevantes ao momento escolar, evitando acumular.

Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula

- As investigacións que examinaron a disposición física das aulas coinciden en sinalar que a disposición tradicional, é dicir, o alumnado disposto cara á fronte, xa sexa de xeito individual, por parellas ou en ringleiras, soe beneficiar máis ao alumnado con TDAH que outras disposicións nas que este está en grupos ou equipos.
- Non obstante, esta non é unha regra ríxida e xeral. Depende moito de aspectos como a idade do alumnado, a área curricular que se imparte, o estilo docente... E sempre se debe considerar o resultado sobre a alumna ou o alumno en concreto, xa que non para todos os casos vai ben o mesmo.



**Lembremos a regra de
“Probar e Revisar”!**

Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula



Outro aspecto ben coñecido na disposición da aula é o emprazamento do alumnado con TDAH dentro dela

- O emprazamento non debe estar en zonas de máis doada distracción (p. ex., a carón dunha fiestra) ou nun lugar desde o que ver e escoitar as explicacións requira maior atención (p. ex., ao fondo).
- O alumnado con TDAH debe recibir unha supervisión canto máis frecuente mellor, polo que o seu emprazamento debería ser nun lugar próximo á zona na que profesorado soe estar con maior frecuencia.
- Isto non implica que necesariamente o alumnado con TDAH deba estar na primeira ringleira, aínda que si será moi frecuente esta escolla.
- Aínda así, a decisión deberá adoptala o profesorado, dentro da súa autonomía organizativa e coñecendo cal é a mellor decisión para un caso concreto, nunha aula concreta.

Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula



- O emprazamento non debe ser unha medida de sanción
- Non debe supoñer a segregación do alumno ou da alumna con TDAH.
- A intención de escoller un lugar da aula que minimice as distraccións non debe levar ao profesorado a emprazar o alumnado con TDAH “á parte” das súas compañeiras e dos seu compañeiros.

Non obstante o anterior, podemos facer un manexo do emprazamento de xeito continxente: por exemplo unha alumna prefire sentar nun lugar determinado, mais so poderá facelo cando o seu ritmo de traballo sexa adecuado, mentres que existirá outro emprazamento (non preferido) que ocupará cando no emprazamento preferido non se estean cumprindo os obxectivos de traballo.

Outro aspecto ben coñecido na disposición da aula é o emprazamento do alumnado con TDAH dentro dela

Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula



Un aspecto tan importante como ONDE sentar e CON QUEN. Unha compañeira ou un compañeiro pode beneficiar de xeito significativo o desempeño escolar ao ofrecer de xeito natural monitorización e motivación dentro dun contexto de aprendizaxe cooperativa.

- Soe ser preciso cambiar ao alumnado con TDAH de compañeiro ou compañeira con certa frecuencia. O motivo disto é que se pode orixinar cansazo debido ao seu carácter 'sen paraxe' e exuberante.
- Esta práctica é positiva:
 - o alumnado con TDAH xeralmente gusta dos cambios e novidades
 - evítanse actitudes de rexeitamento.
- Os cambios de emprazamento deben realizarse nun marco de organización xeral da aula. É dicir, non deben afectar só ao alumno ou á alumna con TDAH, ou só ao alumnado con problemas na súa conduta na aula.

Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula

Outro aspecto importante é a asignación de roles (a existencia de alumnado encargado e responsables de tarefas dentro da aula).

- Recibir encargos e responsabilidades pode mellorar o grao de motivación e implicación
- Estas tarefas supoñen moverse do asento, polo que lle permiten ao alumnado con TDAH un breve momento de mobilidade (permitida), xa que en ocasións, precisa poder erguerse e moverse.



Tamén son de interese os roles como participar na xestión da biblioteca, no invernadoiro escolar,...

Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula

A xestión do tempo

Na organización tempo o escolar, o horario, a sucesión das tarefas e a duración destas tamén é importante non esquecer a aplicación da regra do 30%.

O alumnado con TDAH benefíciase de:

- Que exista variedade na sucesión de tarefas, non pasar tempo excesivo facendo o mesmo.
- De que as tarefas non teñan duración excesiva. E se son longas, que poidan ser fragmentadas en segmentos.

- O alumnado con TDAH soe ter dificultade para percibir e estimar o paso do tempo
- Apréciase unha gran variabilidade no seu rendemento en relación co tempo ao longo da xornada escolar.
- Un xeito de mellorar este aspecto é o emprego de reloxo ou temporizadores nos que poidan apreciar o tempo transcorrido e o que lles queda.
- Existen no mercado dispositivos específicos para esta finalidade, así como aplicacións para dispositivos electrónicos (p. ex., tabletas, móbiles ou ordenadores).



Adecuación das programacións didácticas ao alumnado

Como medida ordinaria, estas adecuacións refírense aos elementos non prescritivos do currículo e, de xeito especial á adecuación das tarefas e actividades.

As adaptacións que se leven a cabo poden ser moi variadas de acordo coas características do alumno



- ➔ Probar e empregar as adecuacións que son útiles en cada caso (poden variar de alumno a alumno, nas diferentes áreas curriculares e mesmo ao longo do tempo)
- ➔ Non empregar adaptacións que non sexan necesarias. Evitar a diferenciación innecesaria.

Adecuación das programacións didácticas ao alumnado

Extensión / Duración

Pode ser preciso que as tarefas sexan máis breves e menos extensas.

Variedade

Hai que procurar que cada sesión de clase inclúa diferentes tipos de tarefas, alternando aquelas de traballo escrito con outras de tipo oral ou visual, e as de tipo individual coas de grupo.

Cantidade

Hai que considerar que o alumnado con TDAH non poida dar feito a totalidade dos exercicios programados de modo ordinario, polo que é preciso priorizar.

Opcionalidade

Soe dar bo resultado introducir elementos de opcionalidade (escoller entre varios exercicios ou a orde na que facelos).



Considerar a redución de tarefas escritas en especial, aquelas de tipo máis mecánico como copiar no seu caderno os enunciados dos exercicios.

O alumnado de maior idade tamén pode preferir responder por escrito de modo non manuscrito, ou ben pódese combinar o modo escrito con gravacións que o alumnado pode entregar (isto pode ser moi útil para as tarefas para a casa).

Adecuación das programacións didácticas ao alumnado

As instrucións e as explicacións




É frecuente que o alumnado con TDAH desconectan ao pouco de empezaren a escoitar, de xeito que ao rematarmos a nosa explicación nos digan “que?” amosando que non recibiron a maior parte da información.

- ➔ As instrucións e explicacións deben ser breves e concisas, centradas no esencial e deixando que pregunten polos detalles ou os aspectos pouco claros.
- ➔ Comprobar de modo frecuente que se entendeu a información (p. ex., que explique que é o que ten que facer).
- ➔ É importante transmitir proximidade e mesmo o contacto, de xeito que evitemos que a súa mente se “ausente”, que a alumna ou o alumno sinta que lle están falando a ela ou a el, aínda cando sexa unha explicación para o conxunto da clase.

Adecuación das programacións didácticas ao alumnado

As axudas visuais



- É ben coñecido que as axudas visuais son útiles para mellorar o funcionamento escolar do alumnado.
- Deben ser específicas e relevantes á situación concreta de aprendizaxe (p. ex., instrucións xerais como “debo portarme ben” ou “hai que repasar os exercicios” terán pouco efecto).
- Non se trata de repetir visualmente a instrución verbal, senón de resaltar aspectos concretos da tarefa nos que pode ter dificultades.
- Débense retirar as axudas visuais cando xa se empregaron.
- Hai que lembrar o que expuxemos anteriormente a respecto de que “demasiado dunha cousa boa pode resultar mal”.

Traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos

A **aprendizaxe por proxectos** (ABP) é unha metodoloxía que pode beneficiar ao alumnado con TDAH por canto:

- ➔ Pode incrementar o nivel de motivación. Traballan cara unha meta próxima, cercana aos seus intereses.
- ➔ Pode supoñer un contexto novidoso, que rompa coa monotonía da actividade ordinaria e pode contribuír a reforzar as súas capacidades sociais

Non obstante, habitualmente esta metodoloxía supón que o alumnado empregue estratexias de auto-regulación e planificación nas que os e as estudantes con TDAH soen presentar dificultades.

- ➔ A adopción deste enfoque esixe o incremento da atención individualizada deste alumnado por parte do equipo docente.
- ➔ Debe facerse seguimento dos resultados para asegurarse que estamos acadando obxectivos inclusivos para todo o alumnado.



Traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos

As actividades de **tutoría entre iguais** poden beneficiar ao alumnado con TDAH por canto:

- Poden incrementar o a supervisión e a aprendizaxe sen erro.
- Incrementan o reforzo social e a autoestima



Ademais das actividades desenvolvidas no contexto da aula, existen programas que implican actividades entre-aulas, entre-niveis, con figuras como o alumnado mediador, que tamén poden resultar de utilidade.



Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria

Pode ter diferentes modalidades:

- Desdobramento
- Apoio en pequeno grupo
- ...

O desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo.


En determinados casos, o reforzo educativo do profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo pode contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.



Orde de 8 de setembro de 2021, artigo 48.3

Programas de habilidades e competencias sociais

- O déficit nas habilidades sociais non é un aspecto nuclear do TDAH como si o é a impulsividade ou a inatención.
- Frecuentemente atoparemos nenos e nenas ou adolescentes con TDAH que son realmente sociables (en parte relacionado coa súa desinhibición) e que fan amizades sen dificultade (aínda que teñen maior problema para conservalas).



Programas de habilidades e competencias sociais

- Son útiles os programas de habilidades sociais para o alumnado con TDAH?
- De que modo deberían levarse a cabo?

Segundo vimos anteriormente:

- As intervencións destinadas ao *ensino de habilidades*, teñen pouco éxito co alumnado con TDAH.
- As intervencións deben levarse a cabo *no lugar* onde queremos que se produza a mellora.

Por tanto, podemos ter dúbidas de se un programa de adquisición de habilidades sociais impartido no Departamento de Orientación ou nunha aula de apoio pode resultar de utilidade para o alumnado con TDAH.

As revisións das investigacións sobre os resultados destes programas indican que neles, o alumnado obtivo moi escasa ou ningunha mellora.

Programas de habilidades e competencias sociais

- Son útiles os programas de habilidades sociais para o alumnado con TDAH?
- De que modo deberían levarse a cabo?

Segundo vimos anteriormente:

- As intervencións destinadas ao *ensino de habilidades*, teñen pouco éxito co alumnado con TDAH.
- As intervencións deben levarse a cabo *no lugar* onde queremos que se produza a mellora.

Por tanto, podemos ter dúbidas de se un programa de adquisición de habilidades sociais impartido no Departamento de Orientación ou nunha aula de apoio pode resultar de utilidade para o alumnado con TDAH.

As revisións das investigacións sobre os resultados destes programas indican que neles, o alumnado obtivo moi escasa ou ningunha mellora.

Programas de habilidades e competencias sociais

Os programas de habilidades sociais, ao igual que ocorre con outras intervencións ou tratamentos, poden ter efectos adversos sobre os destinatarios.

En investigacións recentes atopáronse resultados deste tipo:

Contaxio social:

O alumnado con TDAH acode a un programa no que outros integrantes teñen dificultades condutuais severas. Isto comporta un risco de aprendizaxe de comportamento inadecuados.

Etiquetado social:

A asistencia a ese programa xera un etiquetamento do alumnado participante como alumnado conflitivo, o que empeora a súa imaxe social ante o resto do alumnado (e mesmo sobre o conxunto do profesorado).

Deterioro do autoconcepto:

O alumno ou alumna pode empeorar a súa autoestima e autoconcepto.

Malgasto de recursos:

Dedicar tempo e recursos a un programa que non ten resultados positivos, supón un malgasto e evita que nese horario o alumnado poida levar a cabo outras intervencións de proveito.

Programas de habilidades e competencias sociais

As conclusións das investigacións sobre este tipo de programas indican que deberían levarse a cabo tendo en conta recomendacións como:

Estar dirixidos ao alumnado no seu conxunto e no contexto da aula.

O adestramento en habilidades sociais debe estar acompañado de estratexias condutuais de reforzo. E dicir, é o reforzo das condutas apropiadas, no momento de producírense, a estratexia máis útil para se manteña a conduta ou habilidade social adecuada.

Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación

- A finalidade da avaliación do alumnado con TDAH é a mesma da do resto do alumnado.
- A maioría do alumnado con TDAH non ten establecidas medidas de adaptación curricular, polo que os criterios de avaliación son os mesmos que para o conxunto do alumnado.
- As adecuacións dos procedementos e instrumentos de avaliación teñen como finalidade que o alumnado poida expresar o seu cumprimento dos mesmos de xeito fiable e preciso.
- É dicir, que “o TDAH non impida que amose o que sabe”



Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación

Hai que considerar que, á marxe doutros cambios que poidan darse, cando un alumno ou unha alumna con TDAH mellora de xeito sensible as súas cualificacións, isto ten un efecto relevante tanto para a súa autoestima e motivación, como para a da súa familia e a do profesorado.



Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación

Aínda que neste ámbito habitualmente pensamos nos exames, as adecuacións deben dirixirse á totalidade do proceso de avaliación (p. ex. as rúbricas)

- Na **análise documental** e das producións (revisión de traballos persoais) é importante ter en conta e non penalizar nestes casos a calidade de "presentación" que habitualmente está afectada pola desorganización frecuente así como nalgúns casos pola mala letra (disgrafía).
- No emprego da **observación**, é importante que a mesma se leve a cabo non só nos momentos nos que o comportamento ou a actuación do alumno ou a alumna é chamativo (habitualmente por non estar seguindo as pautas establecidas), senón naqueles momentos nos que está a funcionar de maneira axeitada.
- Así mesmo, o establecemento dunha **liña base** a partires da avaliación inicial, axudaranos a controlar mellor o grao de progreso e o establecemento de obxectivos alcanzables.



Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación

O alumnado con TDAH con frecuencia rende nos exames por debaixo do que realmente é o seu coñecemento da materia. Vexamos a continuación a que é debido, e que cousas podemos facer para mellorar este aspecto.

- Durante os exames o alumnado con TDAH tende a cometer erros numerosos (p.ex. erros no cálculo, entender de xeito errado o enunciado e responder unha cousa diferente do que se preguntaba, mesturar conceptos, esquecer responder algunhas preguntas,...)
- Unha parte do alumnado ten un problema de **falta de tempo** nos exames.
 - Algúns casos de alumnado con TDAH desenvólvense de xeito lento na realización dos exames, ou perden tempo por distraccións durante a súa realización.
 - Nalgúns casos o alumnado con TDAH permanece 'alerta' ante calquera estímulo que se produza na aula, con dificultade para concentrarse na súa tarefa. Tamén é común atopar alumnado con TDAH que ademais teña dificultades coa lectura e / ou a escritura
- Tamén son importantes as dificultades para **repasar** e atopar erros no exame unha vez rematado e para **revisar** se o que se escribiu dá resposta ao que se preguntaba.



Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación

Algúns exemplos de adecuacións

- Velaquí algunhas propostas de adecuacións que poden ser útiles para o alumnado con TDAH.
- Non serán útiles nin necesarias as mesmas para todos os casos e, ás veces, ao probar e revisar descubrirás outra estratexia de maior utilidade para un caso concreto.
- En todo caso, o obxectivo de todas elas é acadar que a alumna ou o alumno amosen no exame o seu coñecemento real da materia.



Dar máis tempo

Só cando comprobemos que é necesario e se obtén beneficio desta medida.

Permitir pausas

Algúns casos de alumnado con TDAH benefíciense de poder facer unha pequena pausa no exame e ter movemento físico (p. ex., dar un paseo,...). Está claro que isto debe facerse de xeito supervisado.

Facer o exame en modo oral
Co alumnado que ten mal rendemento nas probas escritas podemos probar a opción de resposta oral. Pode ser de modo alternativo ou complementario

Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación

Algúns exemplos de adecuacións

- Velaquí algunhas propostas de adecuacións que poden ser útiles para o alumnado con TDAH.
- Non serán útiles nin necesarias as mesmas para todos os casos e, ás veces, ao probar e revisar descubrirás outra estratexia de maior utilidade para un caso concreto.
- En todo caso, o obxectivo de todas elas é acadar que a alumna ou o alumno amosen no exame o seu coñecemento real da materia.



Repetir o exame

Cando conteña erros atribuíbles ao descoido pódesele ofrecer repetir o exame (na mesma sesión ou na mesma xornada escolar).

Facer o exame nun lugar diferente á aula

Isto resulta de utilidade para alumnado que se distrae e reacciona con calquera cousa que ocorre na aula durante o exame.

Usar un formato informatizado

P. ex., permitir o emprego de procesador de texto a alumnado con dificultades na escritura ou empregar formatos de *webquest*.

Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación

Algúns exemplos de adecuacións

Unha das estratexias máis útiles é a **monitorización** do exame paso a paso.

- O alumno ou a alumna le cada unha das cuestións e explica que é o que ten que facer.
- A profesora ou profesor pode pedirlle que re-lea a pregunta.
- Tamén pode subliñar algunha parte relevante do enunciado.
- Isto repítese con cada unha das preguntas



Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación

Facer un exame distinto?

- En ocasións, as adaptacións que se levan a cabo poden xerar no profesorado un sentimento de "non estar tratando con xustiza" ao facer un exame que poida resultar máis accesible.
- As adaptacións nos exames non deben afectar ao contido esencial do mesmo, é dicir, aos criterios de avaliación que perseguen.
- Modificar o exame con respecto ao resto do alumnado pode contribuír negativamente ao seu etiquetado social e á súa autoimaxe.
- Debe valorarse coidadosamente a súa relevancia, a súa eficacia e empregalas de xeito que a alteración con respecto á proba ordinaria sexa a mínima necesaria.

Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación

- Non todo o alumnado con TDAH precisa facer exames adaptados.
- As medidas de adaptación deben ser adoptadas polo profesorado só na medida en que sexan necesarias.
- As adaptacións dos exames deben eliminar barreiras que permitan ao alumnado amosar a súa competencia real sen que isto repercuta de xeito negativo na súa inclusión.

Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación

Dificultades preparando o exame

Polas súas dificultades de organización e planificación, o alumnado con TDAH con frecuencia presenta dificultades na preparación dos exames.

- Estimar canto tempo precisa para preparar o exame
- Saber que é o que necesita saber para afrontalo con éxito
- Autoavaliar o seu grao de coñecemento da materia (que sabe e que non sabe)

Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación

Dificultades preparando o exame

Polas súas dificultades de organización e planificación, o alumnado con TDAH con frecuencia presenta dificultades na preparación dos exames.

- É importante instruír de xeito explícito sobre os aspectos nos que existen dificultades de preparación de exames. Por exemplo, facendo esquemas sobre "o que sei", "o que non sei".
- Dentro da acción tutorial deberá ter un lugar esencial facilitar ao alumnado (e á familia) información sobre os exames (cando son, que materia entra, que deben preparar...) para que poidan colaborar nesta tarefa.
- Tamén é útil desenvolver estratexias de aprendizaxe cooperativo na que compañeiros e compañeiras compartan o seu saber sobre “que entra no exame”, “que vai caer”, “que se necesita saber”...



Princípios para o manejo condutual na aula



Hai unha sólida evidencia de que entre as medidas que se poden adoptar para a mellora do funcionamento dos nenos e das nenas con TDAH as que maior eficacia obteñen, tanto no ámbito educativo como no familiar, son as de tipo condutual. É dicir, aquelas que se basean nas técnicas de modificación de conduta.



Principios para o manexo condutual na aula



R. Barkley
K. Murphy

- **As consecuencias deben administrarse coa menor demora**
No alumnado con TDAH só as recompensas máis inmediatas teñen efecto.
- **As consecuencias deben administrarse con maior frecuencia**
Pola súa inmadurez característica, as consecuencias, especialmente as positivas deben empregarse máis a miúdo que co resto do alumnado. Os eloxios ou outros reforzadores deben ocorrer cando está traballando ou amosando un comportamento axeitado.
- **As consecuencias deben ser “poderosas”**
O que reciba por un funcionamento axeitado ten que ser importante para ela ou el. Isto é o fundamento dos sistemas coñecidos como “economía de fichas”. Para o seu establecemento é moi importante a colaboración da familia, xa que é no ámbito familiar onde se poden dar as recompensas máis desexadas polo alumnado.

Principios para o manexo condutual na aula



R. Barkley
K. Murphy

- **Empregar consecuencias positivas antes que as negativas**

As consecuencias positivas son as que conseguen que a conduta desexada se incremente (p. ex., rematar as tarefas) mentres que as consecuencias negativas teñen como efecto reducir comportamentos indesexados. Estes comportamentos tamén se reducen de feito cando se reforza unha conduta incompatible coa que queremos eliminar (p. ex., se está traballando non está correndo pola aula). Recoméndase o emprego en primeiro lugar das consecuencias positivas, mais se os comportamentos inadecuados persisten será preciso empregar consecuencias negativas.

- **Evitar os discursos morais**

A práctica consistente en explicar á alumna ou o alumno o mala que é unha conduta ou o bo que resultará que mellore o seu traballo, non ten efecto significativo sobre o funcionamento.

Principios para o manexo condutual na aula



R. Barkley
K. Murphy

- **Establecer un criterio de consecución**

Debe estar establecido de xeito operativo cando se cumpre un obxectivo e se obtén unha recompensa.

- **Anticipación**

Lembrar brevemente ao alumnado que imos facer, que ten que facer, que cousas debe evitar e que consecuencias pode obter, mellora significativamente o seu funcionamento na actividade que comeza con respecto a se non se fan esas advertencias e só se actúa de xeito reactivo.

- **Proporcionar información do que se espera en cada momento e das súas consecuencias (Se..., entón...)**

Habitualmente o alumnado con TDAH amosa menor coñecemento das “regras non escritas” polo que é preciso advertir de xeito explícito sobre que facer, como facelo e que non facer, así como das consecuencias de cada comportamento.

Algúns erros frecuentes nos sistemas de control condutual



A. Kazdin

- **O sistema está centrado en eliminar as condutas negativas en vez de enfocarse en incrementar as condutas positivas**

Cando nos centramos moitos nas consecuencias negativas, pode producirse un efecto de habituación, perdendo o seu valor. Familias e profesorado soen queixarse coa expresión “non lle afectan os castigos”.

- **O obxectivo marcado é demasiado ambicioso, inalcanzable**

É imprescindible establecer unha liña base de modo que o obxectivo supoña un paso adiante, non un salto infranqueable. Evitar a *indefensión aprendida*.

- **As recompensas son moi fáciles de obter**

Se se establecen obxectivos que non supoñen unha mellora significativa con respecto á liña base, o alumnado recibe recompensas por algo que xa viña facendo habitualmente. Isto coñécese como sobre-reforzamento.

- **Non se recompensa a práctica**

Algúns esquemas de control condutual recompensan só as novas adquisicións, mais non o seu mantemento.

Algúns erros frecuentes nos sistemas de control condutual



A. Kazdin

- **Dáse a recompensa antes de conseguir o obxectivo**

Ofrécese a recompensa baixo a promesa do alumno ou da alumna de que levará a cabo a conduta obxectivo. Isto non só non é eficaz senón que enseguida aprenderá a estratexia de pedir (ou mesmo esixir) algo a cambio para facer o que lle pedimos.

- **Manter o sistema (cadro, fichas...) é unha tarefa demasiado complicada para o profesorado e/ou a familia**

- Non é infrecuente que cando se establezan sistemas de control condutual (p. ex. economía de fichas) deseñados dun xeito complexo e sofisticado, que requiren esforzo e tempo na súa posta en práctica, polo que o seu uso provoca fatiga.
- Son preferibles os sistemas máis sinxelos no que ás persoas que participan na súa aplicación non lles resulte unha sobrecarga de traballo.
- Por tanto, unha característica esencial do sistema debe ser a súa sostibilidade.

Sistemas de Informe Escolar sobre a conduta

- **Son efectivos**

Eficacia comprobado en numerosas investigações.

- **Teñen un custo reducido (en tempo e medios)**

- **Proporcionan comunicación diaria casa-escola**

Permiten que a familia administre recompensas en base aos logros diarios do alumno no ámbito escolar.

- **Proporcionan reforzo positivo**

En si mesmo, o sistema funciona como un elemento de reforzo positivo.

- **Proporcionanlle feedback ao propio alumnado**

- **Son unha ferramenta de control da evolución**

- **Reducen o tempo dedicado a tratar as condutas problemáticas.**

Venres

Lengua Castellana	Red	Yellow	Green (circled)
Inglés	Red	Yellow	Green (circled)
Matemáticas	Red (circled)	Yellow	Green (circled)
Recreo	Red	Yellow (circled)	Green
Lectura	Red	Yellow	Green (circled)
Música	Red	Yellow (circled)	Green
Ciencias da Natureza	Red	Yellow	Green (circled)

MARTES 19/4

LINGUA GALEGA	Red	Yellow	Green (circled)
MATEMÁTICAS	Red	Yellow	Green
INGLÉS	Red	Yellow	Green (circled)
RECREO	Red	Yellow (circled)	Green
LECTURA	Red	Yellow	Green (circled)
LENGUA CASTELLANA	Red	Yellow	Green (circled)
CIENCIAS SOCIAIS	Red	Yellow	Green
Gritar en clase	Red	Yellow	Green (circled)

Contratos de Conduta

- Constitúen unha alternativa aos sistemas anteriores dirixida ao alumnado de maior idade.
- Nesta técnica o alumno ou a alumna ten maior participación e preténdese de xeito deliberado a súa implicación. De aí a súa denominación e o feito de que se faga formalmente empregando as sinaturas das persoas intervinientes.



Debe conter:

- Unha descrición clara e breve de cal é o obxectivo a acadar.
- Cales son as consecuencias de acadar e non acadar o obxectivo.
- Cales son as consecuencias de condutas a evitar.
- Unha data de revisión.

Ao igual que nos sistemas anteriores, é importante:

- O establecemento dunha liña base.
- A fixación de metas que supoñan unha mellora asequible desde a liña base.
- Debe evitarse que os obxectivos e consecuencias sexan do tipo “todo ou nada”.

O Tempo fóra

É unha medida de custe de resposta na que se retira ao alumno ou á alumna da situación na que está levando a cabo unha conduta indesexada (co que se lle evita a súa continuación, así como que siga obtendo reforzo) e se sitúa nun lugar no que non pode obter reforzo.

Un exemplo do emprego desta técnica é o chamado *recanto de pensar* ou a *cadeira de pensar*, mais tamén o é a asistencia á *aula de convivencia*.



O Tempo fóra

Como aplicar o tempo fóra

- Hai que explicar á nena ou ao neno a medida adoptada dun xeito que poida entender, así como en que vai consistir (que ten que facer, canto vai durar).
- Debe saber o motivo polo que se adoptou a decisión, explicándoo de maneira concisa.
- Como en calquera outra medida condutual, débese aplicar de modo inmediato á ocorrencia do o que provocou e de modo continxente.
- Unha recomendación que se soe dar sobre a súa duración é que sexa de aproximadamente un minuto por cada ano de idade do neno ou da nena.
- O alumnado con TDAH ten, como xa vimos, dificultades na percepción do tempo, polo que prolongar de máis a duración non suporá unha maior eficacia.
- Usar un temporizador durante o tempo fóra pode resultar de utilidade.



O Tempo fóra

Algúns erros a evitar


- Emprégase como ameaza e logo non se pon en práctica.
- Vai acompañado dunha reprimenda.
- Vai acompañado dunha charla (p. ex., o profesorado de garda na aula de convivencia establece unha conversa, co que se converte nunha situación na que recibe atención reforzadora).
- Non se emprega cunha duración axeitada.
- A súa aplicación vai acompañada dun estado emocional alterado (do profesorado).
- O alumno ou a alumna ten acceso a algo do seu interese durante o tempo fóra (convértese nunha situación reforzo).
- O neno ou a nena emprégao como saída dunha situación que lle resulta máis aversiva (“mellor na aula de convivencia que na de Historia”).





O papel do
professorado

O papel do profesorado



A primeira meta das intervencións escolares [sobre TDAH] é incrementar o coñecemento básico entre os educadores sobre a natureza, causas, evolución e tratamentos do TDAH.

Alguns estudos teñen atopado que o mellor coñecemento por parte do profesorado sobre o TDAH non ten unha relación moi estreita coa evolución dese alumnado no ámbito escolar

O papel do profesorado

Nalgúns estudos de tipo retrospectivo, o estudantes con TDAH valoraban como elementos positivos na súa historia escolar, aspectos relativos ao profesorado como:

- Ser quen de fixarse nos seus momentos positivos, non só nos negativos.
- Evitar expoñer en público os seus erros, comentalos en privado
- Felicitalos en público polos seus bos resultados
- Ter en conta a organización das actividades para que «non sexas o último»
- Procurar o seu éxito ante os outros (p. ex. Pedirlles que interveñan na clase cando sabemos que poden responder correctamente).
- Facer entender ao alumnado os motivos das súas decisións (p. ex., o alumno ou a alumna que recibía unha sanción sabía cal era a razón.
- Comprensión e aceptación da natureza da conduta como impulsiva, non intencionalmente disruptiva.



Para rematar

- O alumnado con TDAH está presente no sistema educativo con tal frecuencia, que o raro é que nalgún curso non teñamos algún caso entre o noso alumnado. Ter en conta isto é a primeira cuestión que debemos considerar.
- Manter unha actitude cara o alumnado con TDAH, entendendo a natureza das súas dificultades é unha das estratexias que mellor resultado pode darnos.
- É necesario adaptarse á súa inmadurez nos aspectos relativos ao autocontrol e a organización.
- Proba e avalía. Con cada caso hai cousas que funcionan mellor e outras peor.
- Coñece os límites e prepárate para unha carreira de longa distancia.
- As estratexias funcionan cando e onde as empregamos.
- Mantén contacto frecuente (especialmente contacto ocular).
- Monitoriza frecuentemente o ritmo de traballo. Emprega a anticipación.

Para rematar

- Dispón de válvulas de escape.
- Mantén en privado o negativo e dá publicidade ao positivo.
- Dá retroalimentación que lle axude á auto-observación e a coñecer o funcionamento axeitado.
- Evita o etiquetado (especialmente cando dás reforzo positivo!!)
- Fai explícito o que esperas. Non deas por suposto.
- Dálle responsabilidades sempre que sexan posibles. Amosa confianza.
- Emprega a axuda de iguais.
- Mantén atención a atopar os aspectos positivos. O TDAH é só una parte do que o alumno ou a alumna é.



Moitas grazas pola vosa
atención sostida